1.- A administración local é responsable da recollida e mantemento dos animais vagabundos ou abandonados, segundo se recolle no artigo 11.1º da Lei 1/1993, do 13 de abril, e no artigo 54º do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

2.- Os animais recollidos serán trasladados e mantidos en centros de recollida de animais vagabundos ou abandonados autorizados e rexistrados. As instalacións destinadas a albergar cans potencialmente perigosos deberán reuni-las medidas de seguridade necesarias para evita-las fuxidas sen producir danos ós animais.

3.- Os prazos de estadía previstos serán os que se dan para tódolos individuos da especie canina e que veñen reflectidos nos artigos 53, 57 e 58 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

4.- Estes animais poderán ser cedidos en adopción sempre e cando o novo propietario posúa a licenza administrativa correspondente, e o can supere as probas de socialización que demostren que o animal non é perigoso para a seguridade das persoas.

#### CAPÍTULO VII.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Artigo 17º.- Infraccións.

1.-En materia de infraccións e sancións rexerá o disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos

e na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

2.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza clasifícanse como moi graves, graves e leves.

3.- Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as previstas no artigo 13.1º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 22º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

4.- Terán a consideración de infraccións administrativas graves as previstas no artigo 13.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 21º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

5.- Son infraccións administrativas leves as previstas no artigo 13.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 20º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

#### Artigo 18º.- Sancións.

1.- As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas con contías que serán as fixadas no artigo 13.5º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e no artigo 24º da Lei 1/1993, do 13 de abril.

2.- En todo caso, as infraccións graves e moi graves tipificadas no artigo anterior desta Ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, decomiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

#### Artigo 19º.- Responsable.

Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran na comisión destas, o propietario ou tenedor dos animais ou, no seu caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

#### Artigo 20º.- Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador aplicable rexerese polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, a Lei 1/1993, do 13 de abril, así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro e as normas que as desenvolven.

#### Artigo 21º.- Exercicio da Potestade Sancionadora.

1.- Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, do 13 de abril, serán:

a) Por infraccións leves, o Alcalde.

b) Por infraccións graves, o Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.

c) Por infraccións moi graves, o Conselleiro de Medio Ambiente.

2.- A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ó Con-

cello. Non obstante, o Alcalde poñerá en coñecemento, de xeito que faga fe, do Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3.- Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

### CAPÍTULO VIII.-DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIA, RENOVACIÓN, INSCRICIÓN REXISTRAS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS E CANCELACIÓNS.

#### Artigo 22º.- Obxecto.

De conformidade co disposto nos artigos 15º ó 19º en relación co artigo 20º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza, as súas renovacións, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións.

#### Artigo 23º.- Feito imponible.

O feito imponible da Taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta Ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que dela deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza.

#### Artigo 24º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal, e os propietarios que soliciten a expedición da licenza ou que a renoven.

#### Artigo 25º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 26º.- Devengo.

1.- O devengo das taxas producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

2.- A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

#### Artigo 27º.- Tarifas.

1.- Licencia de Cans Potencialmente Perigosos: 9

euros.

2.- Renovación de Licencias: 5 euros.

3.- Inscripción no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos: 4 euros.

4.- Modificacións rexistrais: 2 euros.

5.- Cancelación rexistral: 2 euros.

Artigo 28º.- Ingreso da Taxa.

O ingreso da Taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

Artigo 29º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 77º e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Quedan exentos da obriga de obtención de licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Diario Oficial correspondente e transcurso do prazo establecido ó artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE.

Artigo 1º.- Fundamento, natureza e feito impositivo.

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable a domicilio e das acometidas á rede xeral de abastecemento de auga e traspasos de titularidade, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 38 do citado Real Decreto Lexislativo.

2. Constitúe o feito impositivo desta taxa a prestación no Concello dos seguintes servizos:

- a. Subministración de auga potable a domicilio.
- b. Acometidas á rede xeral de abastecemento de auga.
- c. Traspasos de titularidade.

Artigo 2º.- Suxeito pasivo, responsables e base

impositiva.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria e 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo anterior.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte só propietarios das vivendas ou locais ós que se dote do servizo, podendo repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 3º.- Base impositiva.

1. A base impositiva do presente tributo estará constituída por:

a. A subministración ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.

b. As acometidas á rede xeral e cambios de titularidade: a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida ou cambio de titularidade da mesma á rede municipal de abastecemento de auga.

Artigo 4º.- Devengo.

A presente taxa devengarase dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, previa solicitude correspondente ou dende que se utilice este sen ter obtido a licenza previa.

Artigo 5º.- Xestión, liquidación e recadación.

1. Abastecemento de auga.

2. As peticións para a subministración de auga domiciliaria dirixiranse ó Concello de Taboada polos interesados, facilitando os datos precisos para a formalización do correspondente contrato.

3. O servizo outorgarase mediante acto administrativo, de acordo coas disposicións da presente ordenanza, coas do Regulamento do Servizo e coas que se fixaran na oportuna autorización. As liquidacións en concepto de acometida ou cambio de titularidade serán notificadas individualmente e o prazo de ingreso será o marcado polo artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.

4. No primeiro bimestre natural do ano aprobarase un padrón comprensivo das liquidacións de recibo por subministración de auga potable, que trala fiscalización de Intervención Municipal, expoñerase ó público por período de 15 días, fixándose o prazo para interpoñer declaración nun mes. O período voluntario de cobranza establécese en dous meses. Non será necesaria a



publicación dos posteriores padróns que, así mesmo, terán un período de cobranza de dous meses, sendo preciso tan só notificar individualmente as altas e baixas que se produzan nun bimestre con relación ó anterior.

5. Os aboados ou contribuíntes farán efectivas as súas débedas dentro dos prazos sinalados no punto anterior. As débedas non satisfeitas nos prazos estipulados esixiranse pola vía de constrinximento, de acordo co disposto na Lei Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación, computándose, no seu caso, como pagamentos a conta as cantidades aboadas fóra de prazo. En todo caso a finalización do período voluntario de cobranza determinará a esixibilidade do recargo de constrinximento e dos xuros de demora dende a data na que aquel rematou.

Artigo 6º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo ás infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás mesmas corresponda en cada caso, aplicarase as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.

## CAPÍTULO I.

### NORMAS XERAIS.

Artigo 7º.- Obxecto.

O obxecto do presente regulamento é a regulación do servizo municipal de abastecemento de auga potable dentro do termo municipal de Taboada.

Para efectos de simplificación, no presente regulamento, denomínase "abonado" a calquera persoa, física ou xurídica, que teña solicitado o servizo e que se lle autorizara.

Entenderase por "servizos técnicos" a unidade administrativa que o Concello determina como responsable do servizo, en canto ás tarefas de control, inspección técnica ou calquera outra de policía sobre o servizo e a súa xestión técnica.

Entenderase por "entidade subministradora" quen efectivamente realice o servizo de abastecemento de auga.

Artigo 8º.- Forma de xestión e titularidade do servizo.

O servizo de abastecemento de auga potable é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que se aprobe polo Concello.

O Concello de Taboada poderá presta-lo servizo de abastecemento de auga potable mediante calquera das formas previstas en dereito; poderá estrutura-lo servizo e dará publicidade da súa organización, sexa cal sexa a forma de prestación elixida, directa ou indirecta, de acordo coa lexislación aplicable de réxime local. Dará credenciais ás persoas a el adscritas, para coñecemento e garantía de tódolos usuarios, reservándose o Concello as competencias que lle confiren os artigos 127 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e o Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas ou a lexislación que resulte de aplicación, no seu caso.

O Servizo préstase por xestión directa, entendendo que as referencias realizadas neste Regulamento á entidade subministradora están feitas ó propio Concello.

## CAPITULO II.

### OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA E DOS ABONADOS.

Artigo 9º.- Obrigas da entidade subministradora.

A entidade subministradora estará suxeita ó cumprimento das seguintes obrigas:

1. Presta-lo servizo a todo abonado e amplialo a aquel que o solicite nos termos establecidos no presente Regulamento e noutras disposicións aplicables.
2. Mante-las condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable.
3. Colaborar co abonado na solución das situacións que a subministración poida presentar.
4. Efectúa-la facturación tomando como base as lecturas periódicas dos contadores e a Ordenanza Fiscal aprobada polo Concello.

Artigo 10º.- Obrigas do abonado.

O abonado estará suxeito ás seguintes obrigas:

1. Satisfacer puntualmente o importe do servizo de auga de acordo co previsto neste regulamento, e conforme ás tarifas e taxas vixentes.
2. Paga-las cantidades resultantes de liquidacións por erro, fraude ou avaría imputables ó abonado.
3. Usa-la auga subministrada na forma e usos establecidos na autorización, de conformidade co presente Regulamento.
4. Absterse de establecer ou permitir derivacións na súa instalación para suministro de auga e outros locais ou vivendas distintos dos consignados na autorización.
5. Facilita-la entrada ó local no que se realice a subministración nas horas hábiles ou de normal relación co exterior ó persoal do servizo que, exhibido a credencial pertinente, trata de instala-los elementos precisos e inspecciona-las instalacións.
6. Respecta-los precintos colocados pola entidade subministradora ou polos organismos competentes da Administración.
7. Cumpli-las condicións e obrigas contidas na autorización.
8. Comunicar á entidade subministradora calquera modificación na domiciliación do recibo.
9. Comunicar á entidade subministradora as modificacións na instalación interior que representen consumos significativos polo seu volume.
10. Prever e dota-las instalacións de grupos de elevación de presión e depósitos de acordo co establecido neste Regulamento e demais disposicións aplicables.

Artigo 11º.- Dereitos do abonado.

O abonado ó servizo gozará dos seguintes dereitos:

1. Dispoñer da auga nas condicións hixénico-sanitarias axeitadas de conformidade coa normativa legal aplicable.

2. Dispoñer de condicións técnicas de presión que, de acordo coas instalacións da vivenda, industria ou outros, sexan axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.

3. Solicitar á entidade subministradora as aclaracións, informacións da vivenda, industria ou outros, sexan axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.

4. Solicitar á entidade subministradora as aclaracións, informacións e asesoramento necesario sobre o servizo.

5. A que se lle facturen os consumos de acordo coa Ordenanza Fiscal vixentes.

6. Obte-la autorización de subministración, suxeita ás garantías da normativa establecida.

7. Formula-las reclamacións administrativas que considere convenientes de acordo co procedemento establecido neste regulamento e na normativa sobre procedemento administrativo.

### CAPÍTULO III.

#### INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA.

##### Artigo 12º.- Elementos materiais do servizo.

Son elementos do servizo de abastecemento de auga potable todos incluídos na rede Xeral, que se compón de rede de alta, rede de baixa e acometidas.

1. Rede de alta: comprende as obras hidráulicas de captación, elevacións, estación de tratamento, depósito de almacenamento, de cabeceira, cola e reguladoras, edificios, dispositivos electromecánicos, tubos ("tubarias") e conduccións mestras, sistemas de regulación e control, etc., e conduccións mestras, sistemas de regulamento e control, etc., con características que se axustarán ó indicado na normativa que lle sexa de aplicación.

2. Rede de distribución primaria: Son aqueles tubos da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

3. Rede de distribución secundaria: son aquelas condicións da rede de baixa que discorren ó longo dunha vía pública ou propiedade privada, previa constitución da oportuna servidume, sobre as que se derivarán no seu caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rego ou calquera outra permitida, para subministrar un caudal puntual necesario e suficiente.

4. Acometida. Enténdese por acometida o ramal que partindo do tubo de distribución secundaria máis próximo conduza a auga ó pé do edificio ou límite de parcela que se desexe abastecer. Estará formada por un tubo único de características axeitadas ó volume de auga a subministrar. Disporá como mínimo de chave de corte externa en vía pública, en arqueta axeitada, fronte ó inmovible correspondente e o máis próxima posible a el.

A acometida constará dos seguintes elementos:

· A acometida de toma: atópase colocado sobre o tubo da rede da distribución e abre o paso da acometida.

· Ramal: é o treito de tubos que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

· Chave de rexistro: Estará situada ó final do ramal de acometida na vía pública e xunto ó inmovible ou límite da propiedade. Constitúe o elemento diferenciador entre a entidade subministradora e o abonado, no que respecta o arranxo da acometida.

O elemento que delimita a competencia para o arranxo das acometidas é a chave de rexistro, sendo competencia da entidade subministradora reparala acometida desde a rede xeral ata a chave de rexistro e competencia do abonado o seu arranxo a partir dela.

### CAPÍTULO IV.- ACOMETIDAS.

#### Artigo 13º.- Solicitud de alta no servizo.

A aprobación ou denegación de toda acometida para subministración da auga potable é competencia do Concello, nas condicións establecidas no presente Regulamento, as que resulten da normativa que sexa de aplicación, previo informe da entidade subministradora ou dos servizos técnicos municipais.

Para a solicitude da alta no servizo deberá acompañarse ó impreso que a tal fin se facilitará nas oficinas municipais ou nas da entidade subministradora a seguinte documentación:

1. No caso de vivenda nova, o usuario presentará a licenza de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería da Delegación de Industria, se é o caso.

2. No caso dunha industria ou comercio, o usuario presentará a licenza municipal de apertura ou recibo do I.A.E.

3. No caso dunha obra, o petionario presentará a licenza para ela.

Na solicitude deberase facer consta-las características da subministración e unha vez autorizada deberá facerse efectivo o pagamento das correspondentes Taxas de acometida, liquidadas segundo prescribe a Ordenanza Fiscal correspondente, antes de efectúa-la toma, podéndose esixir en réxime de autoliquidación no momento da solicitude. A alta no Padrón de abonados producirase unha vez aboada a taxa de enganche.

Establécense diferentes prezos dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja, estos prezos son para tramos de un ata cinco metros:

SECCIÓN	TERRA	ASFALTO	BALDOSA OU BEIRARRÚA
25	165 eur.	200 eur.	225 eur.
32	175 eur.	205 eur.	235 eur.
40	180 eur.	210 eur.	240 eur.
50	190 eur.	215 eur.	250 eur.

Este prezo a partir dos cinco metros incrementarase por metro nas seguintes cantidades:

SECCIÓN	TERRA	ASFALTO
---------	-------	---------

25	30 eur.	40 eur.
32	31 eur.	41 eur.
40	32 eur.	42 eur.
50	33 eur.	43 eur.

Cando as instalacións foran feitas por persoas alleas ó servizo, a taxa por precintado de contadores, revisións....etc. é de 15 eur..

No suposto de utilizar a mesma zanja para a rede de sumidoiro e subministración de auga o concello fará un estudio previo, do importe a aboar.

Artigo 14º.- Autorizacións temporais.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, a excepción do especificado no artigo nº 26.

Artigo 15º.- Requisitos das acometidas.

A solicitude de acometida á rede municipal non será tramitada se non se cumpren as circunstancias seguintes:

1. Que o inmovible a abastecer non estea situado dentro da área de cobertura do abastecemento.

2. Que o inmovible que se pretenda abastecer non conte coas instalacións interiores adecuadas.

3. Que o inmovible a abastecer non dispoña de acometida para vertidos de augas residuais e pluviais, ou non teña resolto o sistema de evacuación destas.

4. Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

5. Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro de Propiedade.

6. Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente ou excesiva para un correcto servizo e non se instalarán a cargo do abonado as medidas correctoras correspondentes.

Artigo 16º.- Determinación e execución das acometidas.

A entidade subministradora ou os servizos técnicos informarán sobre as características técnicas que requirirán as acometidas, realizando as que previamente autorice o Concello e nas condicións establecidas por este.

A execución das acometidas será competencia da entidade subministradora, que realizará os traballos e instalación correspondentes ó cargo do petionario, sexa este o usuario do servizo, o constructor ou o propietario da finca, quedando de propiedade municipal o ramal instalado.

Artigo 17º.- Conservación de acometidas.

Unha vez autorizada polo Concello a acometida para a subministración de auga dunha finca ou local, non poderán facerse alteracións nas conduccións ou tubos sen o consentimento expreso do Concello ou da entidade subministradora, quen, co obxecto de evitar que exis-

tan irregularidades, poderá exercer unha vixilancia constante sobre a conducción ou os aparatos contadores.

Artigo 18º.- Modificación das acometidas.

Unha vez autorizada polo Concello a acometida para a subministración de auga dunha finca ou local, non poderán facerse alteracións nas conduccións ou tubos sen o consentimento expreso do Concello ou da entidade subministradora, quen co obxecto de evitar que existan irregularidades, poderá exercer unha vixilancia constante sobre a conducción ou os aparatos contadores.

Artigo 19º.- Cambios de titularidade.

As autorizacións van unidas ás fincas que as gozan e non poden, por tanto, trasladarse dunha a outra. No caso de ocupación do mesmo local por persoa distinta da que solicitou o subministro, sen que se houbera comunicado a baixa nel, procederá a subrogación na autorización anterior previo aboamento dos dereitos de traspaso de titularidade contemplados na correspondente Ordenanza, salvo os herdeiros forzosos e, no caso de vivendas na que residira o titular da autorización os que estiveran convivindo con el durante un prazo superior a dous anos, previa comunicación ó Concello.

Artigo 20º.- Baixas no servizo.

Os usuarios poderán cesar no goce do abastecemento de auga, presentando nas oficinas da entidade subministradora a correspondente comunicación escrita da baixa no servizo. Polos servizos técnicos ou por persoal da entidade subministradora procederase ó corte do abastecemento. A baixa no Padrón de abonados e os seguintes efectos económicos producirase dentro do bimestre natural seguinte ó da data de comunicación da baixa. En calquera caso no que un abonado cause baixa no servizo procederase pola entidade subministradora ó precintado da toma, para o que será obriga do usuario facilita-la entrada no seu domicilio, en caso de que sexa preciso.

## CAPÍTULO V.

### INSTALACIÓNS INTERIORES.

Artigo 21º.- Instalacións interiores.

Enténdese por instalación interior de abastecemento a comprendida a partir da chave de rexistro de conexión.

A instalación interior, con excepción do contador, será realizada polo instalador autorizado polo organismo que corresponda e haberá de executarse cumprindo as normas para as instalacións interiores da subministración de auga vixentes no momento da autorización.

O propietario do edificio será o responsable das avarías que se produzan na instalación interior. Se a xuízo da entidade subministradora ou dos servizos técnicos se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas polo mal estado das instalacións ou ameaza de danos graves, a entidade subministradora poderá suspender o servizo de forma inmediata, poñendo o feito en coñecemento do interesado e do Concello. Neste caso, como naqueles outros nos que exista a necesidade de acomete-lo arranxo por urxen-

cia, a entidade subministradora poderá repercutir ó abonado os gastos nos que se incorre debidamente xustificadas. Os abonados serán responsables dos danos e prexuízos que as deficiencias das súas instalacións poidan causar a terceiros.

#### CAPÍTULO VI.

#### CONTADORES.

##### Artigo 22º.- Control de consumos.

A medición dos consumos que servirán de base para a facturación de todo o abastecemento realizarase mediante contadores, debidamente homologados pola Delegación de Industria ou organismo competente, dos que se realizarán lecturas periódicas, cos intervalos que estime conveniente o Concello, tanto con finalidade de inspección coma de facturación, e, en todo caso, polo menos cada dous meses.

O contador será propiedade do abonado e é o único medio que dará constancia fidedigna do consumo realizado.

Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante:

1. Contador único: Cando no inmoble ou finca só exista unha vivenda ou local, en subministracións provisionais para obras e en polígonos en procesos de execución de obras, en tanto non sexan instaladas as súas redes de distribución interior.

2. Batería de contadores divisionarios: Cando exista máis dunha vivenda ou local será obrigado instalar un aparato de medida para cada unha delas e outro para os consumos orixinados polos servizos comúns.

##### Artigo 23º.- Contador único.

Instalarase en posición horizontal, xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado pola entidade subministradora, exclusivamente destinado a este fin, emprazada na planta baixa do inmoble, xunto ó portal de entrada e encaixado no muro da fachada ou peche da propiedade e, en calquera caso, con acceso directo dende a vía pública.

Excepcionalmente, previo informe dos servizos técnicos municipais e en casos debidamente xustificadas, poderá instalarse o contador único e as súas chaves de manobra nunha cámara baixo o nivel do chan, que terá acceso directo dende a rúa e situado o máis próximo posible ó peche da propiedade. O armario ou cámara de aloxamento do contador estará perfectamente impermeabilizado e disporá de desaugue directo ó sumidoiro, capaz de evacuarlo caudal máximo de auga da acometida na que se instale. Así mesmo, estarán dotados dunha porta ou pechadura homologada pola entidade subministradora.

##### Artigo 24º.- Batería de contadores divisionarios.

As baterías de contadores divisionarios instalarase en locais ou armarios unicamente destinados a este fin, emprazados na planta baixa do inmoble, en zona de uso común, con acceso directo dende o portal de entrada. As baterías para centralización de contadores res-

ponderá a tipos ou modelos oficialmente aprobados e homologados, tendo en conta que tódolos contadores deberán colocarse en posición horizontal. Na orixe de cada montante e no punto de conexión del coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución.

Xa se trate de locais ou de armarios instalarase, en lugar destacado e de forma visible, un cadro ou esquema no que, de forma indeleble, queden debidamente sinalizados os distintos montantes e saídas de baterías e a súa correspondencia coas vivendas e locais.

No caso de que, por razóns técnicas contrastadas polos servizos técnicos do Concello non sexa posible a instalación da batería de contadores divisionarios nun inmoble con máis dunha vivenda ou local, o Concello poderá, excepcionalmente, autoriza-la existencia dun contador xeral para toda a comunidade, pero o mínimo obrigatorio de consumo será facturado a tódalas vivendas ou locais, sen prexuízo do recibo xeral que deberá aboa-la comunidade, que será a responsable deste pagamento.

##### Artigo 25º.- Instalación de contadores.

Non se instalará ningún contador ata que o usuario teña autorizada a acometida e correspondente alta no servizo.

A adquisición dos contadores poderá facerse pola entidade subministradora, correndo os custos a cargo do abonado, ou por instalador autorizado, libremente polos usuarios, sempre que se axusten ó tipo ou tipos fixados polo Concello ou a entidade subministradora.

A instalación dos contadores poderá facerse pola entidade subministradora, correndo os custos a cargo do abonado, ou por instalador autorizado, libremente elixido por este último, baixo a inspección e verificación da entidade subministradora ou dos servizos técnicos do Concello, segundo as especificacións establecidas no presente Regulamento. Unha vez realizada a instalación e verificada procederase ó precintado dela pola entidade subministradora.

Prezos para colocación de contador en batería y conexión á rede:

MEDIDAS CONTADOR	IMPORTE
13-15	60 eur.
18-20	75 eur.
25-32	130 eur.

Prezos para a colocación de contador en módulo de aloxamento.

MEDIDAS CONTADOR	CON CASETA	SEN CASETA
13-15	170 eur.	65 eur.
18-20	190 eur.	80 eur.
25-32	240 eur.	135 eur.

##### Artigo 26º.- Usuarios sen contador.

Nos abastecementos existentes sen contador, o



Concello requirirá ó usuario a súa instalación, conferindo para tal efecto un prazo non inferior a dez días nin superior a trinta. Unha vez instalado polo usuario ou pola entidade subministradora ou polos servizos técnicos do Concello. Durante este prazo, o consumo facturado será estimado polo servizo en función das características do abastecemento e nunca menos do dobre do consumo marcado pola correspondente Ordenanza fiscal como mínimo.

Unha vez rematado o prazo sen que o usuario teña procedido á instalación do contador, o Concello reiterará o requirimento apercibíndolle de que, en caso de que non proceda á instalación do dito aparello no prazo de 7 días, poderá proceder ó corte da subministración, sen prexuízo das sancións que se lle puideran impoñer, precintando a toma e quedando obrigado o usuario á tramitación dunha nova alta, con aboamento dos dereitos correspondentes, en caso de querer recupera-lo servizo, que non será tramitada en caso de non ter efectuado o pagamento dos recibos pendentes e dos dereitos de acometida.

#### Artigo 27º.- Contadores avariados.

No caso de que ó realiza-la lectura e durante as visitas de inspección que se xiren se comprobará que o contador está avariado, requirirase ó usuario para o seu inmediato arranxo ou substitución, conferindo para tal efecto un prazo non inferior a dez días nin superior a trinta. Unha vez arraxado ou instalado un novo polo usuario ou pola entidade subministradora con cargo ó abonado, o seu correcto funcionamento será verificado pola entidade subministradora ou polos servizos técnicos do Concello. Durante este prazo, o consumo facturado será estimado polo servizo en función das características do abastecemento e nunca menos do dobre do mínimo marcado pola correspondente Ordenanza fiscal como mínimo.

Unha vez rematado o prazo sen que o usuario teña procedido ó arranxo ou substitución do contador, o Concello reiterará o requirimento apercibíndolle de que, en caso de que non proceda á mesma no prazo de 7 días, poderá proceder ó corte da subministración, sen prexuízo das sancións que se lle puideran impoñer, precintando a toma e quedando obrigado o usuario á tramitación dunha nova alta, con aboamento dos dereitos correspondentes, en caso de querer recupera-lo servizo, que non será tramitada en caso de non ter efectuado o pagamento dos recibos pendentes e dos dereitos de acometida.

#### Artigo 28º.- Contadores con deficiencias de instalación.

No caso de que durante as visitas de inspección se detectara que algún contador non cumpre, en canto a súa localización ou forma de instalación, cos requisitos determinados no presente Regulamento, o Concello poderá efectúa-lo requirimento para tal efecto, seguindo o procedemento regulado no artigo anterior.

Se a deficiencia de instalación consiste en te-lo contador situado nun lugar que careza de acceso directo dende a vía pública e durante as visitas que se xiren para efectúa-la súa lectura estivera pechada a finca,

local ou vivenda, sendo imposible realizala, tomarase como lectura a anterior da que se tivera constancia e liquidaráselle o recibo con consumo cero. Cando puidera ser realizada a lectura, facturaráselle os metros cúbicos consumidos dende a última realizada, sen que poidan ser descontados os mínimos xa facturados.

### CAPÍTULO VII.

#### CONDICIÓN DA SUBMINISTRACIÓN.

##### Artigo 29º.- Usos.

En función do uso que se faga da auga, o carácter da subministración tipificarase en usos domésticos e non domésticos.

##### Artigo 30º.- Usos domésticos.

Consideraranse usos domésticos aqueles nos que a auga se utilice exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplicarase esta modalidade ós locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo, aplicándose o uso da auga a unha soa familia.

Os usuarios só poderán emprega-la auga para os usos concedidos e non poderán, en ningún caso, vender nin ceder gratuitamente a auga a terceiras persoas, aínda que se destinen ós mesmos usos para os que foron autorizados.

##### Artigo 31º.- Usos non domésticos.

Consideraranse como usos non domésticos aqueles que teñan carácter comercial ou industrial, nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción ou nos que se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene nun establecemento profesional, comercial, industrial, de servizos ou agropecuario con destino á venda.

Tamén se consideran dentro deste grupo os usos da auga para rego de xardíns, enchido de piscinas en domicilios particulares e, sempre que non revistan o carácter de explotación agropecuaria con destino á venda, ós inmobles de carácter rústico.

Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desenvolve unha actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, sexa ou non lucrativa e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán tamén a consideración de usos non domésticos aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que se realicen polos servizos municipais ou por laboratorios autorizados para tal efecto, se determinará unha contaminação impropiedade das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra o actuante.

##### Artigo 32º.- Uso para obras.

Excepcionalmente, o Concello poderá autorizar conexións ou tomas de auga con carácter provisional para obras. Estas tomas concederanse sempre en precario, rexéndose polas mesmas condicións xerais que o

abastecemento para os usos industriais, máis as que poida determina-lo Concello, particularmente, para o caso.

En ningún caso se utilizará para vivendas ou locais a auga subministrada para unha conexión de obra. Ó remate das obras o constructor comunicará este feito ó Concello e quedará automaticamente clausurada, rexéndose a subministración polas condicións xerais establecidas, ou polas que se podan establecer atendendo ó carácter e finalidade desta. Ata que se autorice o abastecemento definitivo, manterase vixente a autorización provisional para a obra, sendo o constructor ou solicitante autorizado o responsable do aboamento de toda a auga consumida, que se lle facturara ó prezo marcado pola tarifa non doméstica, independentemente do uso ó que se destinara.

Unha vez que o novo usuario teña formalizada a correspondente alta no servizo e aboados os correspondentes dereitos de acometida, en caso de que sexa distinto do autorizado para o uso provisional, efectuárase o cambio de tarifa industrial a doméstica, no bimestre seguinte.

Artigo 33º.- Obras de urbanización en vías públicas ou bens de dominio público.

Para a execución de obras deste tipo a entidade subministradora autorizará, a petición da entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rego ou hidrantes. No caso de se-lo contratista o solicitante deberá depositar unha garantía equivalente ó dobre do valor de reposición da boca de rego ou hidratante. A constitución deste depósito e o dereito a utiliza-la auga por estes medios quedará reflectido nunha autorización específica. Unha vez transcorrido o prazo da utilización da subministración e, de non térense producido danos, o depósito será devolto ó contratista. O consumo de auga realizado, segundo o rexistrado polo contador que se instale para tal efecto, será aboadado polo contratista e liquidado segundo estipule a tarifa non doméstica.

Salvo os casos previstos no parágrafo anterior, a utilización de bocas de rego ou hidrantes só estará permitida ós servizos de extinción de incendios e a outros servizos municipais.

Artigo 34º.- Instalacións contra incendios.

As instalacións contra incendios no interior das edificacións, calquera que sexa o uso ou destino destas, requirirán o establecemento dunha subministración exclusiva para este uso e o cumprimento a tódolos efectos das condicións que este Regulamento prescribe para as instalacións destinadas ó abastecemento ordinario. A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios requirirá a autorización do Concello e o aboamento dos dereitos de acometida. Efectuada a instalación, as bocas de incendios serán precintadas polo persoal da entidade subministradora, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De non ser utilizadas na extinción dun incendio o abonado debe poñelo en coñecemento da entidade subministradora, coa finalidade de que se repoñan os precintos e evita-las posibles responsabilidades deriva-

das. As redes interiores de incendios serán sempre independentes das restantes existentes no inmovible e non poderá ser conectada ningunha derivación para outros casos. Neste tipo de instalacións non se instalará contador, nin se liquidará ningún cargo algún por maior ou menor consumo de auga, nin polos vertidos desta á rede de saneamento. De ser necesario o uso das bocas de incendio facturarase exclusivamente o concepto de dispoñibilidade do servizo e pola tarifa mínima industrial vixente neste momento.

#### CAPITULO VIII.

#### CONDICIÓN DA AUTORIZACIÓN.

Artigo 35º.- Obxecto e alcance da autorización.

As autorizacións outorgaranse separadamente para cada vivenda, piso, local ou industria que constitúa unha unidade independente, aínda cando estean situados de forma contigua e pertencen ós mesmos propietarios. Cada abastecemento quedará adscrito ós fins para os que se concedeu, non podendo dedicalo a outros fins ou modifica-lo seu alcance, para o que, en todo caso, será preciso solicitar outra autorización.

Artigo 36º.- Duración da autorización.

As autorizacións entenderanse outorgadas polo prazo dun ano. Unha vez rematado este prazo poderá o abonado prorrogalo por igual período, entendéndose que se non presenta comunicación de baixa a autorización queda prorrogada automaticamente.

#### CAPITULO IX.

#### REGULARIDADE DA SUBMINISTRACIÓN.

Artigo 37º.- Continuidade do servizo.

Salvo causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, a entidade subministradora ten a obriga de manter permanentemente o servizo.

Artigo 38º.- Suspensións temporais.

A entidade subministradora poderá suspender temporalmente o servizo cando:

1. Cando sexa imprescindible para proceder ó mantemento, arraxo ou mellora das instalacións o seu cargo.
2. No suposto de perda da condición de potabilidade da auga que implique un risco inminente para a saúde de poboación abastecida.
3. Nas causas de forza maior ou recoñecida urxencia.

Nos cortes previsibles e programados, a entidade subministradora deberá avisar ós usuarios como mínimo con 24 horas de antelación a través dun dos medios de maior difusión do municipio, ou por outros medios cos que quede garantida a información do corte, da súa duración e horario aproximado. Estes cortes deberán ser autorizados polo Concello.

De producirse variacións ou interrupcións na subministración por causas de forza maior, non dará esta circunstancia o dereito ós abonados a reclamar ningunha cantidade en concepto de indemnización por danos e prexuízos.

## Artigo 39º.- Reservas de auga.

Sen prexuízo do que estableza a normativa específica aplicable a cada sector, tódolos locais onde se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou para a seguridade das persoas ou bens, ou nas actividades industriais nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade para adoptar as medidas necesarias para garanti-la continuidade do servizo, de forma que quede asegurado o autoabastecemento por un mínimo de 24 horas.

## Artigo 40º.- Restriccións da subministración.

O Servizo Municipal de Abastecemento de Auga ten por obxecto satisfacer as necesidades da poboación, garantindo preferentemente o uso doméstico. Cando o Concello o considere necesario poderá, mediante acordo do órgano competente, rebaixar e incluso suspender o servizo para usos non domésticos, sen que incorra en responsabilidade fronte a estes usuarios, xa que estes abastecementos quedan en todo momento subordinados ás esixencias de consumo doméstico da poboación.

No caso de imporse restriccións nos abastecementos, estas afectarán en primeiro lugar ós regos de xardíns, fincas de recreo e, seguidamente, ós usos agrícolas e industriais.

Neste caso a entidade subministradora estará obrigada a informar das medidas que se prevea implantar e da data de inicio destas a través dos medios de comunicación.

## CAPÍTULO X.

## LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN.

## Artigo 41º.- Elementos tributarios.

Os elementos tributarios que se tomarán para as liquidacións por consumos, acometidas e cambios de titularidade serán os fixados na correspondente Ordenanza Fiscal, así como a regulación da xestión tributaria.

## Artigo 42º.- Tarifas.

A base do gravame será o número de metros cúbicos consumidos en cada período de cobro, segundo as medicións presentadas polo aparato contador, liquidadas segundo as tarifas sinaladas na correspondente Ordenanza Fiscal, incrementadas polos impostos ou recargas esixibles legalmente sobre delas.

Facturarase un consumo mínimo polo que se liquidará a taxa, que será, así mesmo, o sinalado pola Ordenanza Fiscal, aínda que o consumo realmente efectuado sexa inferior ó volume de auga establecido como consumo mínimo.

A liquidación da taxa polos consumos efectuados realizarase bimestralmente, pasándose ós abonados o recibo correspondente, que deberá ser abonado no prazo de dous meses a contar dende a data da súa posta ó cobro. Pasado este prazo sen que se teña sido efectua-

do o pagamento, procederase ó seu cobro pola vía de constrinximento.

O prezo por metro cúbico de auga consumida:

URBANO	PREZO/M. <sup>3</sup>
Cota fixa cada dous meses	1,5 eur.
Consumo de 0 m. <sup>3</sup> 20 m. <sup>3</sup>	0,24 eur.
Consumo de 20 m. <sup>3</sup> a 35 m. <sup>3</sup>	0,40 eur.
Consumo máis de 35 m. <sup>3</sup>	0,60 eur.
RURAL	PREZO/M. <sup>3</sup>
Cota fixa cada dous meses	1,5 eur.
Consumo de 0 m. <sup>3</sup> a 35 m. <sup>3</sup>	0,24 eur.
Consumo de 35 m. <sup>3</sup> a 60 m. <sup>3</sup>	0,40 eur.
Consumo máis de 60 m. <sup>3</sup>	0,60 eur.

A taxa de enganche fixa establececese en 40 eur.

O prezo do subministro para obras será de 0,40 eur. m<sup>3</sup> estas non abonaran a taxa de enganche.

## CAPITULO XI.

## SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E REVOCACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

## Artigo 43º.- Causas da suspensión do subministro.

A entidade subministradora de auga poderá proceder, previa autorización do Concello, sen prexuízo do exercicio das accións, de orde civil ou administrativo, que a lexislación vixente lle ampare, a suspender a subministración ós seus abonados ou usuarios nos casos seguintes:

1. Por non ter pagadas as facturacións de tres bimestres seguidos.
2. Cando un usuario goce de subministración sen autorización.
3. Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para a subministración de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados na súa autorización.
4. Cando o persoal da entidade subministradora atope derivacións nas súas redes con consumo de auga sen autorización, é dicir, realizadas clandestinamente.
5. Cando o abonado non permita a entrada no local ó que afecta a subministración en horas hábiles ou de normal relación co exterior ó persoal que, autorizado pola entidade e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisa-las instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se fixera constata negativa ante testemuñas ou en presenza dalgún axente da autoridade.
6. Cando o uso da auga ou disposición das instalacións interiores puidera afectar ás condicións sanitarias da auga.
7. Por desatender os requirimentos do Concello en orde á instalación, arranxo, substitución ou calquera elemento das instalacións.



8. Cando o abonado mesture augas de distintas procedencias.

9. Calquera outra contravención do estipulado neste Regulamento, debidamente motivada polo Concello.

Artigo 44º.- Procedemento de suspensión.

A suspensión da subministración de auga por parte da entidade subministradora non poderá realizarse en días festivos ou días nos que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, para os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo; nin en vésperas do día en que se dean algunhas destas circunstancias.

Da suspensión, acordada polo Concello, darase traslado ó usuario, para que, no prazo que se lle confira para o efecto, arranxe as causas que a motivaron e dándolle un prazo, non inferior a dez días, para que alegue o que estime conveniente.

O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, o seguinte día hábil en que foran corrixidas as causas que orixinaron a suspensión da subministración.

Artigo 45º.- Revogación da autorización.

O Concello poderá revoca-la autorización por persistencia de máis de tres meses, dando conta, en todo caso da data en que se procederá o corte da subministración en calquera das causas de suspensión de abastecemento de auga, dando audiencia ó interesado para que alegue o que estime máis conveniente.

A continuación do subministro, despois de extinguida a autorización por calquera das causas sinaladas anteriormente, só poderá efectuarse mediante nova solicitude, subscripción de novo contrato e pagamento dos dereitos correspondentes.

Artigo 46º.- Outras infraccións.

As accións ou omisións que non revistan a gravidade do exposto serán consideradas falta leve e sancionaranse, previa instrucción do oportuno expediente, con multa na contía que autorice a lexislación vixente.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍA DE CALQUERA CLASE.**

Artigo 1º. - Fundamento e Natureza.

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20.3.h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do dito texto legal, este Concello establece a "Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imposable.

Constitúe o feito imposable da taxa o aproveitamento especial que ten lugar pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, especificado nas tarifas contidas no artigo 5º desta Ordenanza.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas xurídicas, así como as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a favor das que se outorguen as licencias para gozar do aproveitamento, se procedeu ó aproveitamento sen a oportuna autorización.

2. Nas Taxas establecidas por entradas de vehículos a través das beirarrúas, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais as que se da acceso as ditas entradas de vehículos, os que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4º.- Beneficios Fiscais.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non están obrigadas ó pago da Taxa cando soliciten licenza para gozar dos aproveitamentos especiais referidos no artigo 1 desta Ordenanza, sempre que sexan necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

Artigo 5º.- Cota Tributaria.

1. A contía da taxa determinarase con amaño ás tarifas contidas no epígrafe seguinte.

2. Tarifas:

· Tarifa primeira:

Con modificación de rasante, previo dictame dos servizos técnicos, un máximo de 3 metros.

100 Euros/ ano.

Sen modificación de rasante, máximo 3 metros, salvo dictame favorable dos servizos técnicos municipais.

90 Euros/ ano.

· Tarifa segunda: Vehículos de formigado, bombeo, grúas e aproveitamentos análogos.

Cota diaria 6 euros, máximo mensual: 120 euros.

· Tarifa terceira: placas de sinalización: 30 euros/ano.

Artigo 6º.- Devengo.

1. A taxa regulada nesta Ordenanza devengarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía, no momento do outorgamento da concesión.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas o día primeiro de cada ano natural.

#### Artigo 7º.- Período impositivo.

1. Cando o aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.

2. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, o devengo da Taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada no natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en que se aplicará o previsto nos epígrafes seguintes.

3. Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre, abonarase en concepto de taxa correspondente a ese exercicio a cota íntegra. Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.

4. Se se cesa na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cota (a metade). Se o cese ten lugar no segundo semestre non procederá devolver ningunha cantidade.

#### Artigo 8º.- Réxime de Declaración e Ingreso.

1 As cantidades esixibles con amaño ás tarifas liquidarase por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

##### 2 O ingreso da taxa farase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo as entidades bancarias colaboradoras, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados unha vez incluídos nos Padróns e Matrículas desta Taxa, por anos naturais no lugar e forma que estableza o Servicio de Recadación Provincial.

#### Artigo 9º.- Notificacións das taxas.

Nos supostos de aproveitamentos especiais continuados a Taxa que ten carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A Taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do Padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

#### Artigo 10º.- Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 77 da Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

**ORDENANZA POLA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES. ESCOLA DE MÚSICA E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

#### Artigo 1. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20. 1 B) e 20.4.v) do Real Decreto Lexis-

lativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; este Concello establece a taxa por prestación de servizos de ensinanza especiais en establecementos docentes deste Concello, que se rexerá pola presente Ordenanza.

#### Artigo 2. Feito imposable.

O feito imposable da taxa está constituído pola prestación dos servizos de ensinanza musicais na Escola Municipal de Música e de calquera das impartidas polas Escolas Deportivas Municipais e pola atención a alumnos de 0-3 anos.

#### Artigo 3. Suxeitos pasivos e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que se matriculen en cada unha das ensanzas a que se refire o artigo 2º desta Ordenanza.

2. Responsabilizaranse da débeda tributaria xunto os suxeitos pasivos ou debedores principais:

a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

b) Subsidiariamente as persoas a que se refire o artigo 40.1 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 4. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non se recoñece exención, bonificación nin ningún beneficio tributario, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

#### Artigo 5. Cota Tributaria.

A cota tributaria estará constituída polas cantidades seguintes:

· Escola de Música: 6 euros / mes.

· Escolas deportivas:

1 alumno: 18 euros/curso.

2 alumnos: 30 euros/curso.

3 alumnos: 42 euros/curso.

· Taxa por atención de nenos de 0 a 3 anos.

Tendo en conta que por este Concello, a través do Programa de Cooperación da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado se ven prestando a atención a nenos de 0-3 anos, en tanto non se crea a gardería infantil neste Concello establécense as seguintes tarifas:

1. Por cada neno/a legalmente inscrito 50 euros/mes.

2. Por dous alumnos da mesma unidade familiar 80 euros/mes.

3. Nos demais casos estarase ó que dispón a Concellería da Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Artigo 6. Dereito á percepción.

1. Dereito á percepción da taxa producirase, nacente a obriga de contribuír, no momento en que se presente a solicitude de matrícula en calquera das ensinanzas impartidas polas escolas municipais de música ou deportes, polo que a falta de asistencia, agás por causa médica suficientemente documentada que imposibilite totalmente a asistencia continuada ata fin de curso, dos alumnos ás clases non dá dereito á restitución da tarifa que vén establecida polo feito de matricularse.

2. A Escola de música poderase pagar mensualmente.

Artigo 7. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo ó cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e 89 da Lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme ó Regulamento do Servicio se poidan impoñer en orde distinta á tributaria.

Disposición Transitoria Única.

A entrada en vigor desta Ordenanza non implicará o reaxuste de actuacións efectuadas para os cursos académicos iniciados estando vixente a anterior Ordenanza reguladora dos prezos públicos.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial de Provincia de Lugo" e comezará a súa publicación o primeiro de xaneiro de dous mil dous.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º. -

As cotas tributarias do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica serán as seguintes:

Turismos:

De menos de 8 C.V.F.: 13 euros.

De 8 ata 11,99 C.V.F.: 36 euros.

De 12 ata 15,99 C.V.F.: 76 euros.

De 16 ata 19,99 C.V.F.: 94 euros.

De 20 C.V.F. en diante: 118 euros.

Autobuses:

De menos de 21 prazas: 87 euros.

De 21 a 50 prazas: 125 euros.

De máis de 50 prazas: 156 euros.

Camións:

De menos de 1.000 Kgs. de carga útil: 44 euros.

De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil: 87 euros.

De máis de 2.999 a 9.999 Kgs. de carga útil: 125 euros.

De máis de 9.999 Kgs. de carga útil: 156 euros.

Tractores:

De menos de 16 C.V.F.: 19 euros.

De 16 a 25 C.V.F.: 29 euros.

De máis de 25 C.V.F.: 87 euros.

Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 e máis de 750 Kgs. de carga útil: 19 euros.

De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil: 29 euros.

De máis de 2.999 Kgs. de carga útil: 87 euros.

Outros vehículos:

Ciclomotores: 5 euros.

Motocicletas hasta 125 cc.: 5 euros.

Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc.: 8 euros.

Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc.: 16 euros.

Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc.: 32 euros.

Motocicletas de máis de 1.000 cc.: 64 euros.

As tarifas sinaladas supoñen o 5% de incremento sobre as tarifas establecidas, redondeándose da seguinte maneira:

· 5 ou máis décimas, incrementase 1 euro.

· Menos de 5 décimas, desprecianse os céntimos.

Artigo 2º. - Bonificacións.

Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos gozarán dunha bonificación do 100% da cota do imposto.

A dita antigüidade será contada a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

Artigo 1º. - Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos

133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "taxa por licencias de apertura de establecementos", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, estas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

Artigo 2º. - Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificarse os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como orzamento necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo as súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

d) Os traspasos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril artesá, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó Imposto sobre actividades económicas, a excepción dos locais ocupados por profesionais.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas ou estudos.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 6º. - Tarifa.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

a. 0,6 Euros/ m<sup>2</sup> Máximo 200 euros.

b. Cambios de titularidade ou calquera outro suposto de tramitación equivalente que non requira informes técnicos: 40 euros.

2. Cando nun establecemento exercesen varias actividades para efectos de cómputo das tarifas desta ordenanza, terase en conta a cota por esta taxa máis alta das que corresponda.

3. No caso de desistimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente, serán:

a. Do 25% das establecidas se o desistimento se produce no prazo dun mes a partir da solicitude.

b. Do 50% se o desistimento se produce posteriormente ó dito mes.

Artigo 7º. - Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin ningunha bonificación na exacción da taxa.

Artigo 8º. - Devengo.

1. Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando a apertura tivese lugar sen haber obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinarse o establecemento que reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizable a dita apertura.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningunha maneira, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta, condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia nin desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.



## Artigo 9º. - Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos industrial ou mercantil presentarán, previamente, no rexistro xeral a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañando proxecto ou documentos esixidos para cada clase de actividade polas disposicións vixentes.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións terán que poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle o alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

## Artigo 10º. - Ingreso.

A taxa esixirase unha vez que se solicite a licenza para apertura do establecemento correspondente.

## Artigo 11º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como nas sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.

## Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por recollida de Lixo", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

## Artigo 2º. - Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. Para tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou aqueles que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter

voluntario e a instancia de parte, os seguintes servizos:

a. Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.

b. Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.

c. Recollida de cascallos de obras.

## Artigo 3º. - Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas e vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

## Artigo 4º. - Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles, salvo o previsto no ep. 4 do presente artigo.

2. Para tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTO	EUROS	
Epígrafe 1.- Vivendas		
Por cada vivenda	39 eur./ano	6,5 eur./B
Epígrafe 2.- Establecementos de alimentación		
Supermercados, economatos e cooperativas	120 eur./ano	20 eur./B
Epígrafe 3.- Establecementos de restauración.		
Restaurantes, hostais, bares cafetería e similares	90 eur./ano	15eur./B
Epígrafe 4.- Talleres, almacéns e similares.		
Talleres mecánicos	90 eur./ano	15 eur./B
Reparación e venda de neumáticos	90 eur./ano	15 eur./B
Carpinterías metálicas	90 eur./ano	15 eur./B
Almacéns de materiais de construción	90 eur./ano	15 eur./B
Estación de servizo de gasolinas, gasóleos, etc.	90 eur./ano	15 eur./B

Epígrafe 5.- Outros locais industriais e mercantís.

Oficinas Bancarias	120 eur./ano	20 eur./B
Farmacias	90 eur./ano	15 eur./B
Florerías	90 eur./ano	15 eur./B
Imprentas	90 eur./ano	15 eur./B
Moblerías	90 eur./ano	15 eur./B
Comercios de mais de 70 m <sup>2</sup>	90 eur./ano	15 eur./B
Pequenos comercios	66 eur./ano	11 eur./B

3. Establécese unha tarifa mínima de 15 eur. anuais para os propietarios de vivendas sitas no núcleo urbano da vila de Taboada e de 3 eur. para as situadas no medio rural que non foran habitadas polo menos durante un ano anterior o bimestre de facturación e se demostre que continúa na mesma situación. previa solicitude do interesado.

4. As casas do medio rural que polo seu estado de deterioro se consideren inhabitables, previa solicitude do interesado poderán quedar exentas.

5. Poderanse aproveitar dunha bonificación de ata ó 100% do pago da taxa por recollida e tratamento e eliminación de lixo, as familias numerosas que a renda per cápita sexa inferior a renda media galega, as persoas maiores de 65 anos, parados de longa duración, menores de 26 anos, persoas cunha situación social desfavorable.

En todos estes casos cumprindo os seguintes requisitos:

- Non posuír ningún subsidio ou renda adicional autonómica, Estatal ou local, xustificación documental e informe do servizo Sociais favorable.

6. Para beneficiarse dos apartados 3, 4 e 5 será necesario o Acordo da Xunta de Goberno Local.

7. As cotas sinaladas na tarifa teñen o carácter de irreductibles e corresponden a un ano.

Artigo 6º.- Declaración e ingreso.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data na que se devenge por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición, presentando, para tal efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro bimestre.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados no padrón, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que terán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data na que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase os primeiros quince días do terceiro, quinto, sétimo, noveno, onceavo e primeiro mes do ano en curso, a acepción do primeiro que se efectuará o ano seguinte.

Artigo 7º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan

en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO E OUTRAS PRESTACIÓNS SOCIAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dende o Concello de Taboada adquirese o compromiso de promover axudas e servizos que contribúan a que os seus habitantes gocen da convivencia, con especial atención a aqueles que por circunstancias persoais e/ou familiares vexan limitada esta convivencia no seu propio domicilio.

O Servizo de axuda a Domicilio (S.A.D.) do que dispón o Concello dende hai varios anos, integra un conxunto de atencións orientadas a esta finalidade, xurdindo a necesidade de articular un regulamento que o afiance como un auténtico servizo público para os veciños deste termo Municipal.

Por outro lado, a iniciativa da Consellería de Sanidade e Servizos sociais da Xunta de Galicia, de sentar as bases legais para procura-la unificación de criterios no desenvolvemento deste servizo a nivel autonómico, reflectida na Orde do 22 de xullo de 1.996 (DOG nº 7843 do 21-8-96) POLA QUE SE REGULA O SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, fai necesario fixar un marco normativo no que queden plasmados os seus contidos.

CAPÍTULO I.

DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1º.- Obxecto.

O presente Regulamento ten como obxecto o regulamento do Servizo de axuda a Domicilio e os requisitos e procedementos necesarios para acceder a este, no Municipio de Taboada.

Artigo 2º.- Principios xerais.

O Servizo de Axuda a Domicilio considérase unha Prestación Básica Social e Comunitaria, de carácter complementario e transitorio, orientado a restablecer e mante-lo benestar físico, social e psicolóxico da persoa ou familia, que presenta problemas para a realización das actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención directa no propio fogar, mediante intervencións específicas naquelas tarefas cotiás que o usuario non poida realizar por si mesmo e que favorezan a súa permanencia e integración na súa contorna habitual e compensen as súas restriccións de autonomía funcional.

Artigo 3º.- Beneficiarios.

Poderán beneficiarse do Servizo de Axuda a domicilio, tódalas persoas con dificultades na súa autonomía persoal, que non poidan ser atendidas convenientemente polos seus familiares e que por medio da prestación deste Servizo se asegure a súa permanencia no propio domicilio, en condicións adecuadas de vida e convivencia, sempre e cando sexa este o recurso adecuado

segundo a valoración dos profesionais dos Servicios sociais de Atención primaria.

Prioritariamente o S.A.D. diríxese a:

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.

- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu propio fogar.

- Persoas con minusvalía ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer-la súa autonomía.

- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar de axuda.

- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos seus pais ou titores ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas, non poden exercer-las súas funcións.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do Servizo.

Artigo 4º.- Obxectivos do servizo.

O S.A.D. ten como obxectivo procura-la permanencia das persoas na súa contorna habitual, mellorando a calidade de vida dos usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste sentido a falta de familiares que poidan atender estas necesidades, ou complementando o labor da familia cando esta non poida atender á mesma dun xeito adecuado.

O S.A.D. debe de evitar ou atrasa-lo ingreso en Centros Residenciais daquelas persoas que non o desexen ou non o precisen, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada coa súa situación. Da mesma maneira a de previr situacións de deterioro persoal ou familiar, orixinadas pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Para isto o servizo procurará:

- Apoiar ós usuarios na realización daquelas tarefas da vida cotiá que poidan realizar por sí sós, estimulando o desenvolvemento das súas propias capacidades.

- Previ-lo risco de marxinación, illamento ou abandono das persoas con autonomía limitada, fundamentalmente daquelas que viven soas e sen apoio.

## CAPÍTULO II.

### PRESTACIÓNS E TAREFAS.

Artigo 5º.- Prestacións.

A variedade de prestacións que se ofrecen dende o S.A.D. concréntanse nas seguintes atencións:

#### 1.- Atencións de carácter persoal:

Inclúen todas aquelas actividades que se dirixen ó usuario do Servizo cando este non poida realizalas por si mesmo ou cando precise:

- Apoio no aseo e coidado persoal con obxecto de mante-la hixiene corporal.

- Axuda para comer.

- Supervisión, se procede, de medicación simple ou prescrita por persoal facultativo e do estado de saúde para a detección e comunicación de calquera cambio significativo.

- Apoio á mobilización dentro do fogar.

- Compañía.

- Acompañamento fóra do fogar para a realización de diversas xestións tales como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.

- Facilitación de actividades de lecer no fogar, a través da entrega do material para a realización de traballos manuais, así como prensa, revistas, libros ou similares.

- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos epígrafes anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico para acadar-la finalidade deste servizo.

#### 2. Atencións de carácter psicosocial e educativo:

Refírense ás intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade onde se desenvolve a vida do usuario, así como o apoio á estruturación familiar.

#### 3. Atencións de carácter doméstico:

Enténdase como tales aquelas actividades e tarefas que se realizan dun xeito cotiá no fogar referidas a:

- A alimentación. Comprenderá, entre outras, os labores de compra e arranxo de alimentos no fogar.

- A roupa. Comprenderá as funcións de lavala, pasarlle o ferro, cosela, mercala, ordenala e outras análogas.

- A limpeza e mantemento da vivenda.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas da súa contorna inmediata.

Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispoñer ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto os Servizos Sociais competentes poderán xestionar-las recursos adecuados para que as devanditas atencións poidan ser realizadas convenientemente, tales como servizo de comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

#### 4. Atencións de carácter técnico e complementario:

Refírense ás xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do Servizo, ben para que continúe en condicións adecuadas,



ou para permitir, co apoio das novas tecnoloxías unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas a adecuación funcional do fogar.

Artigo 6º.- Profesionais que interveñen no servizo de axuda a domicilio. Funcións e tarefas.

#### 6.1- Traballador Social.

É o profesional que recibe a demanda, fai o estudio e valoración da situación presentada, diseña o proxecto de intervención adecuado a ela e será responsable do seu seguimento e avaliación.

As súas funcións e tarefas concretas son:

- Programación, planificación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos Servizos sociais Municipais.

- Difusión e información sobre o Servizo.

- Detección, estudio e diagnóstico dos casos

- Formula-la proposta de concesión ou denegación do Servizo de Axuda a Domicilio ó órgano competente.

- Defini-los obxectivos da intervención, planea-la estratexia a seguir, e asigna-los profesionais necesarios.

- Dar a coñece-lo Servizo ó usuario e acorda-lo compromiso das partes.

- Información, asignación e supervisión de tarefas das auxiliares de Axuda a Domicilio.

- Seguimento e avaliación dos casos atendidos.

- Estimular e favorece-la responsabilidade da familia.

- Formular propostas de ampliación, redución ou suspensión do Servizo se fose preciso.

- Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co Servizo.

- Mobilizar recursos alternativos e complementarios.

- Coordinación con outros servizos existentes na zona.

#### 6.2. Auxiliar de Axuda a Domicilio.

É o profesional que realiza tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do Servizo, coa súa familia e coa súa contorna.

As súas funcións son:

A. Asistenciais, de atención persoal e doméstica.

B. De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo a súa normalización, no funcionamento do fogar.

C. Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación coa súa contorna.

D. De colaboración co Traballador Social na coordinación e avaliación do Servizo.

As tarefas que realizan son as seguintes:

#### 1. Tarefas de atención persoal.

- Axuda para erguerse, incorporarse, vestirse e comer.

- Hixiene e aseo persoal.

- Control de réxime alimenticio.

- Control e seguimento da administración dunha medicación simple, sinalada polo médico, sempre que non exista un familiar ou achegado que poida facelo coas mesmas garantías.

- Outras tarefas análogas que puidese precisa-lo interesado para o seu normal desenvolvemento.

#### 2. Tarefas de carácter doméstico.

- Limpeza da casa, vaixela e mobiliario.

- Face-las camas.

- Lava-la roupa.

- Repaso, paso do ferro e amaños sinxelos da roupa de uso persoal.

- Preparación da comida.

- Compras elementais de artigos básicos para o consumo diario.

- Axuda en pequenos amaños da casa como cambiar unha lámpada, etc.

#### 3. Tarefas de orientación en actividades da vida cotiá.

- Realización de xestións, chamar un técnico para facer un arranxo no domicilio, etc.

- Detección de incidencias e alteracións no estado do usuario.

- Labor pedagóxico de adecuación de costumes realizando un traballo dirixido ó fomento duns hábitos adecuados de alimentación, hixiene, horarios, etc.

- Orientación sobre temas básicos de saúde.

- Supervisión do estado da casa.

- Axuda na organización da economía doméstica.

#### 4. Tarefas de apoio psicosocial.

- Compañía, diálogo e comunicación coa persoa beneficiaria durante o tempo de prestación do S.A.D.

- Acompañamento para realizar xestións.

- Facilita-la lectura de correspondencia, prensa, etc.

Tarefas excluídas:

- Atender a outros membros da familia ou achegados que vivan no mesmo domicilio, cando o usuario do servizo sexa unha persoa en concreto.

- Facer amaños de certa entidade na vivenda (pintar un teito, empapela-las paredes, etc.).

- Limpeza da casa que non estea directamente relacionada co servizo personalizado ó usuario, sempre

que este no viva só.

- Prestación do Servizo fóra das horas acordadas para cada usuario.

- Ir busca-lo usuario a un lugar distinto que non sexa o seu domicilio habitual, salvo en casos excepcionais.

- Funcións de carácter sanitario e en xeral aquelas que requiran unha formación ou especialización das que carecen os profesionais que prestan o Servizo como: poñer inxeccións, toma-la tensión, colocar ou quitar sonda, subministrar unha medicación que implique certo grao de coñecemento ou especialización por parte de quen o administre, axudar ó usuario na realización de exercicios específicos de rehabilitación ou mantemento...

- Todas aquelas tarefas que non se axusten ó programa establecido para cada caso concreto.

Outros profesionais coordinados co Traballador Social, tales como educador familiar ou psicólogo e profesionais de outros servizos poden colaborar no servizo de Axuda a Domicilio.

Nas funcións que corresponden ó campo sanitario como curas persoais, inxeccións, sondaxes, podoloxía e todas aquelas referentes á saúde, será precisa unha estreita colaboración sociosanitaria, coordinando o Servizo de axuda a domicilio cos servizos sanitarios de cuidados a domicilio desenvolvidos dende o centro de saúde, hospital ou servizos sanitarios correspondentes.

Voluntarios, son aquelas persoas que actúan dun xeito solidario, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado.

Dado o seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar os voluntarios serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación e ocupación do tempo libre, tanto dentro coma fóra do fogar e outras que contribúan ó fomento da autoestima. Con este fin deberán de ser formados convenientemente.

### CAPÍTULO III.

#### PROCEDIMENTO.

Artigo 7º.- Requisitos xerais para acceder o servizo.

Os requisitos para ser beneficiario do S.A.D. son os seguintes:

1. Estar empadroadado no Municipio.
2. Solicita-la prestación do Servizo.
3. Manifestar e proba-la necesidade do devandito Servizo.

Artigo 8º.-Tramitación de solicitudes.

1. Os solicitantes deberán dirixirse ós Servizos sociais Municipais, onde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizado, que xunto coa documentación

esixida se presentará no rexistro xeral do Concello, asinada polo/a solicitante do servizo ou a persoa en quen delegue por escrito.

Así mesmo, o Traballador social proporcionará información personalizada, gratuíta e confidencial relacionada coa demanda do Servizo e as súas condicións, e no caso de necesidade ofrecerá apoio para que tanto a solicitude coma a documentación que haxa que presentar se realice dun xeito adecuado.

2. Documentación que hai que remitir coa solicitude:

- Fotocopia do D.N.I. de tódolos membros da unidade de convivencia ou se non os tivesen, outro documento oficial acreditativo da identificación.

- Fotocopia da cartilla sanitaria.

- Certificado de convivencia.

- Informe do médico de cabeceira ou no seu caso, informe clínico sobre o estado de saúde ou deficiencia.

- Certificado, en caso de minusvalía daquelas persoas que a padezan, ben se trate do propio solicitante ou de persoas que convivan con el.

- Xustificantes de ingresos da unidade de convivencia, entendéndose por esta tódalas persoas que convivan nese domicilio.

- Certificados de tódolos ingresos procedentes de salario, pensións, subsidios, intereses bancarios, etc. e dos bens que se posúan.

- Fotocopia da última Declaración da Renda, ou no seu defecto, certificado de facenda de non estar obrigado a declarar.

- Con carácter excepcional e naqueles casos en que o solicitante non presente a documentación acreditativa anteriormente mencionada, achegarase Declaración Xurada na que se faga consta-la carencia absoluta de rendas familiares ou contía das destas.

3. Dende os Servizos Sociais Municipais, o Traballador Social trala visita efectuada ó domicilio de cada solicitante do servizo, confeccionará un informe proposta con carácter de dictame técnico, no que se considerarán tódalas circunstancias de necesidade ás que se refire o presente Regulamento, así como a aplicación dos baremos igualmente contidos nel.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran os requisitos para solicita-lo servizo, os interesados serán requiridos para que no prazo de 10 días solucionen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixesen, o expediente será arquivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, especificamente valorados como tales no informe-proposta realizado polos Servizos Sociais, se poderá tramitar e resolver unha solicitude na que falte algún dos documentos a emitir polas Administracións Públicas, con compromiso expreso de achegalo no prazo máis breve posible.

4. O informe-proposta que os Servizos Sociais emitirá en relación con cada unha das solicitudes, deberá

de conter polo menos:

- Valoración da situación persoal, socioeconómica e familiar, de acordo cos baremos para tales efectos establecidos.

- Proposta de resolución, que en caso de ser favorable á demanda, deberá incluí-lo número de horas de atención que se estime oportuno prestar, así como o detalle de tarefas que se deben realizar.

5. O Alcalde, á vista das solicitudes e á valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. No caso de resolución positiva, a mesma terá consideración de alta no servizo. Se non existise dispoñibilidade a solicitude pasará a integra-la lista de espera nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación dos baremos elaborados para a concesión do Servizo.

A resolución da Alcaldía incluírá, no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas que se prestarán, relación de tarefas que se levarán a cabo, e a porcentaxe que deberá aboa-lo solicitante. Si se trata dunha resolución desfavorable, a resolución deberá de indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que determinan a esta.

En todo caso a resolución da Alcaldía será comunicada ó usuario, segundo o establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

Artigo 9º.- Sobre o trámite de urxencia.

Cando concorran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servizo, esta poderá iniciarse inmediatamente, abondando o informe-proposta dos Servizos Sociais, onde se argumenten as circunstancias que aconsellan esta inmediatez e a conseguinte proposta. A súa xustificación estará motivada por:

- Presentarse a necesidade dun xeito inmediato.
- Situacións de alto risco.
- Enfermidade grave (o beneficiario non ten familiares).
- O falecemento do cónxuxe ou doutra persoa que se estea facendo cargo do beneficiario.
- Outras causas semellantes.

O inicio da prestación por vía de urxencia supoñerá en todo caso a tramitación do expediente de solicitude do servizo, de acordo co procedemento establecido no artigo anterior. O Alcalde deberá darse por informado da alta de urxencia, dando o visto e prace a tal decisión.

O procedemento de urxencia terá validez só mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do S.A.D. e se é o caso pasará á lista de espera.

Artigo 10º.- Sobre a revisión das axudas concedidas

Nos prazos ou datas que especifique a concesión do Servizo, ou sempre que se produzan circunstancias que varíen as que deron motivo á devandita concesión, o Traballador Social dos Servizos Sociais Municipais procederá a revisa-los casos nos que se estea prestan-

do o Servizo, e si se valora oportuno, poderán variar as tarefas que se realizan en base a concesión inicial, ou mesmo aumentar ou reduci-lo número de horas, sempre e cando este aumento ou diminución non supere o 25% das que foron concedidas, e o usuario manifieste expresamente a súa conformidade.

Artigo 11º.- Extinción do servizo.

1. Constitúen causas de extinción definitiva do Servizo, que supón a perda da condición de beneficiario e del, as seguintes:

a) O incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do Servizo, tales como trato inadecuado do usuario cara ó auxiliar, falta de colaboración do usuario no desenvolvemento do Servizo, imposición de tarefas ó auxiliar por parte do usuario que non lle correspondan ou similares.

b) Si se comproba a ocultación ou falsidade dos datos esixidos para a súa concesión.

c) A desaparición das circunstancias que deron orixe á concesión do Servizo.

d) O cumprimento do prazo de duración establecido se así se fixo constar expresamente na concesión.

e) O falecemento do beneficiario.

f) O traslado do beneficiario fóra do Termo Municipal de Taboada.

g) A renuncia do beneficiario.

h) Se superase o mes de baixa temporal.

i) Ingreso con carácter definitivo nun Centro Residencial.

j) A negativa a aboa-lo prezo que lle corresponda polo Servizo, ou o retraso no pago se supera os 60 días naturais.

k) Calquera outra causa xustificada.

Constitúen causas de baixa temporal do Servizo que non anulan a perda de condición de beneficiario deste, o ingreso nun centro hospitalario, o retraso de máis de 20 días naturais no pago que lle corresponda pola prestación do Servizo e a ausencia da vivenda, por un período de tempo non superior a un mes, circunstancias que o beneficiario ou a súa familia, coa maior brevidade, deberán de comunicalo ós responsables do Servizo.

2. No caso de que se produza unha extinción do servizo con carácter definitivo, será notificada ó beneficiario ou á súa unidade convivencial.

CAPÍTULO IV.

PREZO POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

Artigo 12º.- Prezos.

O prezo do Servizo estará regulado pola "ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO".

Artigo 13º.- Cálculos dos ingresos económicos.

Para fixa-la base dos ingresos de cada unidade convivencial haberá que ter en conta:

a) No caso de solicitantes con ingresos derivados de salarios, pensións de calquera tipo ou calquera outra remuneración por conta allea, así como de rendas de capital, inmobles (distintos á vivenda habitual) ou outros, fixarase como base de ingresos as cantidades brutas obtidas por estes conceptos na data de solicitude da prestación do servizo, (revisables no momento da concesión).

b) Para os solicitantes con ingresos derivados de actividades por conta propia, fixarase como base de ingresos as cantidades netas obtidas da última declaración da renda dispoñible na data de solicitude, (revisables no momento da concesión).

c) cálculo final obterase aplicando a seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Ingresos totais anuais} - \text{Aluguer vivenda}}{\text{Nº de conviventes}}$$

Artigo 14º.- Repercusión do prezo sobre os usuarios do servizo

Para obter os importes que deberán repercutir a cada unha das unidades convivenciais beneficiarias do servizo, aplicarase unha porcentaxe sobre o prezo/hora fixado en cada exercicio. Esta porcentaxe será determinada en función do baremo que se establece na táboa do anexo III do presente Regulamento.

O prezo público mensual para aboar polas unidades convivenciais beneficiarias, será determinado no acto da concesión do servizo, e non sufrirá variación ningunha, salvo que se modifiquen as circunstancias que deron orixe a esta concesión, ou si se produce variación no número de horas prestadas, de acordo co establecido para tales efectos no artigo 10º do presente Regulamento.

## CAPÍTULO V.

### DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS.

Artigo 15º.- Dereitos dos usuarios.

Os usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio teñen dereito a:

1. Ser informados de forma correcta e puntual, respecto de todos aqueles aspectos que interesen en relación coa tramitación, concesión ou no seu caso denegación, prestación e incidencias do servizo, así como sobre calquera outro aspecto relacionado co mesmo que poida ser do seu interese.

2. A correcta e dilixente prestación do servizo, conforme á concesión do mesmo e os contidos no presente Regulamento.

3. Ó respecto da súa intimidade e á absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.

Artigo 16º.-Deberes dos usuarios.

Os usuarios do servizo de axuda a Domicilio están obrigados a:

1. Dispensar un trato correcto ós traballadores que teñan encomendada a xestión do servizo, e dun xeito especial a quen teña encomendada a realización no domicilio das tarefas correspondentes.

2. Poñer a disposición do auxiliar do fogar, os útiles e materiais necesarios para a realización das tarefas domésticas e persoais asignadas.

3. Comunicar ós Servizos Sociais Municipais, as circunstancias sucedidas que presenten unha alteración en calquera dos aspectos da prestación do servizo que se realice.

4. Os usuarios e no seu defecto os familiares ou outros que se fagan cargo deles, están obrigados ó pago da aportación mensual asignada no prazo sinalado por cada servizo prestado e polos servizos asignados e non realizados pola súa causa, que así o sinalen os servizos sociais.

A falta de pago sen causa xustificada, cando este retraso sexa superior ós 30 días naturais, levará á suspensión da prestación do servizo. Os 60 días de retraso no pago levará á baixa definitiva no servizo.

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Primeira: Facúltase ós Servizos Sociais Municipais para resolver aquelas cuestións que relacionadas co servizo de Axuda a Domicilio poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente Regulamento.

Segunda: Anualmente a Xunta de Goberno Local, a proposta da Alcaldía, actualizará os prezos públicos do servizo, que deberán de ser comunicados a todos eles, xunto coa nova aportación que diso se derive para cada usuario.

### DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento producirá efectos a partir da data da súa publicación íntegra no B.O.P e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

### ANEXO I

SOLICITUDE DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

D/D.<sup>a</sup> ... con D.N.I. ... Idade ... E.C. ... Domiciliado en...

SOLICITA:

A valoración do seu caso para a prestación do servizo de Axuda a Domicilio, conforme á Normativa Municipal de aplicación deste servizo.

### EXPOSICIÓN DE ATENCIÓNS QUE SOLICITAN.

1. Limpeza do fogar.
2. Coidado da roupa.
3. Compras.
4. Preparación de comidas.

- 5. Actividades puntuais.
  - 6. Teleasistencia.
  - 7. Paseo.
  - 8. Aseo persoal.
  - 9. Compañía.
  - 10. Coidados socio-sanitarios.
  - 11. Apoio psicosocial.
  - 12. Actividades socioculturais.
  - 13. Outras: Especificar.
- Taboada, a ... de ... de 200...
- Asdo. ...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA.

INDICADORES: NIVEL ALTO/ N. MEDIO/ N. BAIXO/ NIVEL NULO.

- Capacidade de autovalerse:
  - Capacidade motora
  - Sentidos
  - Capacidade psíquica
  - Coidados persoais
  - Tarefas domésticas
- Situación saúde.
- Vivenda:
  - Condicións de habitabilidade.
  - Equipamento.
  - Réxime de tenencia.
- Situación familiar.
- Organización da unidade convivencial:
  - Alimentación
  - Hixiene familiar e do fogar
  - Administración económica
- Relacións sociais.
- Accesibilidade ós servizos e equipamentos básicos
- Situación económica.

#### ANEXO II

BAREMO VALORACIÓN DE CASOS.

### 1. CAPACIDADE PARA AUTOVALERSE.

#### 1.1. CAPACIDADE MOTORA.

##### A- Levantarse.

- 0 puntos: Levántase só.
- 1 punto: Levántase só (con dificultade).
- 2 puntos: Levántase con axuda.
- 3 puntos: Non se levanta.

##### B- Deambular.

- 0 puntos: Camiña só.
- 1 punto: Camiña só ( con dificultade).
- 2 puntos: Camiña con axuda do caxato ou semellante.
- 3 puntos: Inmobilizado en cadeira de rodas ou encamado.

##### C- Saír da casa.

- 0 puntos: Sae só.
- 1 punto: Sae con dificultade.
- 2 puntos: Sae con axuda.
- 3 puntos: Non sae (non sube nin baixa escaleiras).

### 1.2. SENTIDOS.

#### A- Visión.

- 0 puntos: Boa.
- 1 punto: Déficit visual.
- 2 puntos: Grave déficit visual.
- 3 puntos: Cegueira.

#### B- Audición.

- 0 puntos: Boa.
- 1 punto: Déficit auditivo.
- 2 puntos: Grave déficit auditivo.
- 3 puntos: Xordeira.

#### C- Linguaxe.

- 0 puntos: Normal.
- 1 punto: Dificil de comprender.
- 2 puntos: Incomprensible.
- 3 puntos: Non fala.

### 1.3. CAPACIDADE PSÍQUICA.

#### A- Orientación temporal - espacial.

- 0 puntos: Boa.
- 1 punto: Desorientación ocasional (leve), pérdese e confúndese ás veces.
- 2 puntos: Desorientación frecuente.
- 3 puntos: Desorientación total.

#### B- Memoria.

- 0 puntos: Normal.
- 1 punto: Retén actos recentes con dificultade. coñece ben as persoas aínda que esquece algunha cousa.
- 2 puntos: Retén soamente feitos antigos, comprende as persoas.
- 3 puntos: Non retén ningún feito. Demencia total con descoñecemento das persoas.



## C- Comunicación.

- 0 puntos: Normal.
- 1 punto: A conversa é posible pero non perfecta.
- 2 puntos: Imposible manter unha conversa lóxica.
- 3 puntos: Claras alteracións mentais cualificadas xa de demencia.

## D- Conducta.

- 0 puntos: Normal.
- 1 punto: Trastornos de carácter, sobre todo se se desgusta.
- 2 puntos: Claros trastornos de humor.
- 3 puntos: Descontrol total dos seus actos.

## E- Capacidade de xestión.

- 0 puntos: Realiza as xestións só.
- 1 punto: Realiza as xestións só con dificultade.
- 2 puntos: Realiza as xestións con axuda.
- 3 puntos: Non pode realiza-las xestións .

## F- Sociabilidade.

- 0 puntos: Mantén relacións.
- 1 punto: Mantén poucas relacións.
- 2 puntos: Mantén relacións con dificultade.
- 3 puntos: Non se relaciona.

## 1.4- COIDADOS PERSOAIS.

## A- Aseo diario.

- 0 puntos: Só.
- 1 punto: Só con dificultade.
- 2 puntos: Con axuda.
- 3 puntos: Aseo xeral encamado.

## B- Bañarse.

- 0 puntos: Só.
- 1 punto: Só con dificultade.
- 2 puntos: Con axuda.
- 3 puntos: Imposibilidade total.

## C- Vestirse.

- 0 puntos: Só
- 1 punto: Só con dificultade.
- 2 puntos: Con axuda.
- 3 puntos: Incapaz.

## D- Control de esfínteres.

- 0 puntos: Continencia total.
- 1 punto: Incontinencia esporádica.
- 2 puntos: Incontinencia ocasional.
- 3 puntos: Incontinencia total ou permanente.

## 1.5- TAREFAS DOMESTICAS.

## A- Limpeza do domicilio.

- 0 puntos: Só
- 1 punto: Só con dificultade.
- 2 puntos: Con axuda.
- 3 puntos: Non pode.

## B- Preparación comidas.

- 0 puntos: Só.
- 1 punto: Só con limitacións.
- 2 puntos: Non pode preparala.
- 3 puntos: Non pode nin quentalala.

## C- Compra.

- 0 puntos: Só.
- 1 punto: Con axuda ocasional.
- 2 puntos: Con axuda permanente.
- 3 puntos: Non pode face-las compras.

## D- Lavado e coidado da roupa (con lavadora)

- 0 puntos: Só.
- 1 punto: Só con dificultade.
- 2 puntos: Con axuda (orde, tender, pasa-lo ferro).
- 3 puntos: Non pode.

## 2- FACTOR SAÚDE.

- 0 puntos: Persoas con boa saúde.
- 1 punto: Persoas con dificultades temporais de convalencia.
- 2 puntos: Persoas afectadas por enfermidades restrictivas de mobilidade (artrose, hemiplexia, etc).Persoas afectadas por enfermidades restrictivas de saúde mental (Por falta de circulación sanguínea, depresión).

- 3 puntos: Persoas afectadas por enfermidade restrictiva da capacidade de autocoidado.

## 3- FACTOR VIVENDA.

## 3.1- CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE.

- 0 puntos: Vivenda con certa calidade.
- 1 punto: Vivenda cun nivel en conxunto normal ou modesto.
- 2 puntos:
  - a. Vivenda con instalación eléctrica ou de auga deterioradas.
  - a. Vivenda con papel ou pintura deteriorados ou inexistentes.
  - b. Vivenda con barreiras arquitectónicas que dificulten a mobilidade do usuario.
- 3 puntos:
  - a. Vivenda en mal estado estrutural (paredes e tei-

tos gretados, humidade, falta de ventilación e luz natural, falta de portas e ventás).

b. Vivenda con paredes, teitos, ventás e portas deteriorados.

### 3.2- CONDICIÓNS DE EQUIPAMENTO.

· 0 puntos: Equipamento de certa calidade.

· 1 punto: Equipamento con conxunto normal ou modesto.

· 2 puntos: Electrodomésticos ou mobiliario en mal estado. Carece de sistema ningún de calefacción.

· 3 puntos:

a. Falta de mobiliario. Carencia de electrodomésticos básicos (frigorífico, lavadora, cociña...).

b. Falta de baño, auga quente, luz eléctrica, etc.

### 3.3- RÉXIME DE TENENCIA.

· 0 puntos: Vivenda propia.

· 1 punto: Vivenda alugada.

· 2 puntos: Caseiros ou semellante.

· 3 puntos: Vivenda cedida en precario.

### 4- FACTOR SITUACIÓN FAMILIAR.

· 0 puntos: Ten familiares que viven con el e que poden atendelo.

· 1 punto:

a. Ten familiares ou achegados, mantén relacións con eles pero non viven próximos.

b. Non ten familiares con suficiente dispoñibilidade de tempo para a súa atención.

· 2 puntos:

a. Os familiares dedican todo ou moito tempo á atención pero necesitan apoio nesta.

b. Non ten familiares con capacidade persoal para o seu coidado.

c. A unidade familiar carece de capacidade para autoorganizarse.

d. Os pais ou titores están incapacitados dalgún xeito, están ausentes ou carecen de compatibilidade horaria para a atención da familia.

· 3 puntos: Vive só e non ten familiares nin achegados que o atendan.

### 5- FACTOR ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL.

#### 5.1. ALIMENTACIÓN.

· 0 puntos: Adecuada.

· 1 punto: Normal aínda que sen variedade.

· 2 puntos: Desorganización en horarios e comidas. Inadecuada para a idade, enfermidade, etc.

· 3 puntos: Escasa ou pobre.

#### 5.2. HIXIENE FAMILIAR E DO FOGAR.

· 0 puntos: Bo aspecto en xeral.

· 1 punto: Aspecto xeral descoidado.

· 2 puntos: Certa falta de hixiene persoal e do fogar.

· 3 puntos:

a. Sucidade tanto na roupa coma no corpo.

b. Sucidade e desorde na vivenda.

#### 5.3. ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA.

· 0 puntos: Correcta distribución do orzamento.

· 1 punto: Distribución incorrecta do orzamento pero non grave.

· 2 puntos: Non se cobren as necesidades básicas correctamente porque se gasta noutros bens ou produtos.

· 3 puntos: Gástase inadecuadamente o orzamento non chegando ó final de mes e adquirindo débedas.

#### 6. FACTOR RELACIÓNS SOCIAIS.

· 0 puntos. Nivel adecuado de relacións sociais. Con capacidade para iniciar e manter contactos interpersoais.

· 1 punto: Nivel medio baixo de relacións sociais.

· 2 puntos:

a. Nivel baixo de relacións sociais.

b. Con serias dificultades para relacionarse.

c. Recibe axuda e visitas esporádicas de amigos e veciños pero isto non é suficiente.

d. Vive só e ten posibilidades doutra convivencia pero prefire continuar no seu domicilio.

· 3 puntos:

a. Nivel moi baixo de relacións sociais.

b. Illamento social por motivo xeográfico, etc.

c. Situación onde a persoa ou persoas sofren un certo rexeitamento por causa da marxinação, etc.

#### 7. FACTOR ACCESIBILIDADE A SERVICIOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS (CENTRO MÉDICO, FARMACIA, TENDAS DE ALIMENTACIÓN, COMERCIOS ESPECIALIZADOS, CORREOS, ETC.).

· 0 puntos: Cercanía e fácil acceso ós servizos sociais e equipamentos básicos.

· 1 punto: Pouca distancia e accesos aceptables.

· 2 puntos: Distancia media e accesos con certas deficiencias.

· 3 puntos: Moita distancia e vías de acceso en condicións deficientes.

#### 8. FACTOR SITUACIÓN ECONÓMICA.

· 0 puntos: Unidade familiar que teña que aboa-lo 100% do custo do Servizo.



- 1 punto: Unidade familiar que teña que aboa-lo 75% do custo do Servicio.
- 2 puntos: Unidade Familiar que teña que aboa-lo 50% do custo do Servicio.
- 3 puntos: Unidade familiar que teña que aboa-lo 25% do Servicio ou que estean exentos.

## ANEXO III

## BAREMO DE APORTACION ECONOMICA.

## 1. Unidades familiares dun so membro.

INGRESOS TOTAIS	APORTACION
Renda "Per cápita" mensual menor ou igual á Pensión non Contributiva.	Exento
Renda "Per cápita" mensual maior do 100 % da Pensión non Contributiva e inferior ou igual ó 100 % do Salario Mínimo Interprofesional.	25% do custo
Superior ó 100% ata o 125% do S.M.I.	50% do custo
Superior ó 125% ata o 150% do S.M.I.	75% do custo
Superior ó 150% do S.M.I.	100% do custo

## 2. Unidades familiares de dous membros.

INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE FAMILIAR	APORTACION
Renda "Per cápita" mensual menor ou igual á Pensión non Contributiva.	Exento
Renda "Per cápita" mensual maior do 100 % da Pensión non Contributiva e inferior ou igual ó 75 % do Salario Mínimo Interprofesional.	25% do custo
Superior ó 75% ata o 100% do S.M.I.	50% do custo
Superior ó 100% ata o 125% do S.M.I.	75% do custo
Superior ó 125% do S.M.I.	100% do custo

## 3. Unidades familiares de mais de dous membros.

INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE FAMILIAR	APORTACION
Renda "Per cápita" mensual menor ou igual á Pensión non Contributiva.	10% do custo
Superior á Pensión non Contributiva ata o 70% do S.M.I.	25% do custo
Superior ó 70% ata o 90% do S.M.I.	50% do custo
Superior ó 90% ata o 115% do S.M.I.	75% do custo
Superior ó 115% do S.M.I.	100% do custo

Cuantificarase o prezo da hora do servico para o Concello de Taboada en 6 euros/hora.

Taboada, ... de ... de 200...

O Alcalde-Presidente, José Jesús Ramos Ledo.

## ANEXO IV

## INFORME TÉCNICO - PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

## SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

N.º DE EXPEDIENTE ...

## DATOS DO SOLICITANTE

NOME ... APELIDOS ...

DNI ... E.C. ... IDADE ... SEG.SOCIAL...

DOMICILIO ... TLF. ...

A vista da documentación aportada polo solicitante e tralas entrevistas e visitas realizadas, emíttese a seguinte VALORACIÓN:

## 1- CAPACIDADE DE AUTOVALERSE.

Puntos ...

## 2- SAÚDE.

Puntos ...

## 3- VIVENDA.

Puntos ...

## 4- SITUACIÓN FAMILIAR.

Puntos ...

## 5- ORGANIZACIÓN DA UNIDADE CONVIVENCIAL.

Puntos ...

## 6- RELACIÓNS SOCIAIS.

Puntos ...

## 7- ACCESIBILIDADE A RECURSOS E EQUIPAMENTOS BÁSICOS.

Puntos ...

## 8- SITUACIÓN ECONOMICA.

Puntos ...

TOTAL PUNTOS ...

En consecuencia, este traballador social propón á Alcaldía a seguinte resolución:

CONCEDER a D. ... o Servicio de Axuda a Domicilio solicitado, por reunir tódolos requisitos establecidos e de acordo ós seguintes detalles prestacionais, contribución económica e número de horas:

- ...

- ...

- ...

DENEGAR a D. ... o Servicio de Axuda a Domicilio solicitado, por non reunir tódolos requisitos establecidos para tal fin e que se especifican:

- ...

- ...

- ...

Así e todo, a Alcaldía adoptará a resolución que estime oportuna:

A TRABALLADORA SOCIAL

Asdo. ...

Taboada, ... de ... de 200...

#### ANEXO V

MODELO DE CONTRATO DE INTEGRACIÓN.

SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

N.º EXP. ...

De acordo coa resolución da Alcaldía con data ..., e en relación coa solicitude de Axuda a Domicilio presentada con data ...,

#### REUNIDOS

Dunha parte D. ... con DNI nº ... domiciliado en ...

Provincia ...

E da outra D.<sup>a</sup> ... traballadora social do Concello, en representación del.

#### DECLARAN

Cofecer e acepta-los dereitos e deberes emanados do Regulamento de Axuda a Domicilio, e no seu contexto

#### ACORDAN

1º) O concello, a través do Departamento de Servicios Sociais, comprométese a presta-lo Servicio de Axuda a domicilio, mentres financeiramente sexa posible, a D. ...

2º) A Auxiliar de Axuda a Domicilio, D.º ... asignada para este servico, realizará as seguintes tarefas:

...

3º) O horario de traballo será de ... horas/semana, distribuídas da seguinte maneira:

...

4º) A traballadora Social indicará as directrices técnicas da intervención individual, co fin de mellora-las condicións de vida de cada usuario.

D. ... comprométese a colaborar na aplicación destas medidas.

5º) O presente contrato terá vixencia dende ... ata ... sempre e cando ambas partes respecten os acordos adoptados nel.

6º) Como pago pola prestación de Axuda a domicilio, D. ... comprométese a aboar ó Concello a cantidade de ... e que deberá facela efectiva a través da súa conta bancaria.

7º) Ambas partes aceptan este contrato nos termos que emanen do presente documento e non no previsto, comprométese á observación da lexislación vixente.

E para que conste, esténdese o presente por duplicado no lugar e data antes indicado.

Taboada, ... de ... de 200...

Asdo. ...

Como representante

Asdo. ...

O usuario

do Concello

#### ANEXO VI

DECLARACIÓN XURADA.

D/D.<sup>a</sup>... con DNI ... E.C. ... nacido en ... e con domicilio en ... Concello de ... provincia de ...

Declaro baixo xuramento que os ingresos económicos da unidade familiar da que formo parte, ascenden á cantidade anual de ... euros.

Taboada, ... de ... de 200...

Asdo. ...

#### ANEXO VII

MODELO DE RENUNCIA A SOLICITUDE.

SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

N.º de Exp. ...

D. ... maior de idade, veciño de ... e con domicilio en ... n.º de DNI ...

EXPÓN:

Que solicitando o Servicio de Axuda a Domicilio, dependente do Departamento de Servicios Sociais deste Concello en data ... e non estando interesado no mesmo, renuncio á referida axuda, poñéndoo en cofecemento dese Departamento para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que se roga a V.S. que, logo dos trámites correspondentes, se digne a aceptala.

Taboada, ... de ... de 200...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA.

#### ANEXO VIII

MODELO DE RENUNCIA O SERVICIO.

SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

n.º de Exp. ...

D. ... maior de idade, veciño de ... con domicilio en ... e n.º de DNI ...

EXPÓN:

Que foi beneficiario do Servicio de Axuda a Domicilio, dependente do Departamento de Servicios Sociais deste Concello dende ... ata a data, e non estando interesado en seguir beneficiándose do mencionado Servicio, renuncia á referenciada axuda, poñéndoo en cofecemento dese Departamento para que se acorde conforme ó manifestado.

Polo que se roga a V.S. que, logo dos trámites correspondentes, se digne a aceptala.

Taboada, ... de ... de 200...

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA.

#### ANEXO IX

INFORME MÉDICO.

Recoñecemento efectuado polo Dr. ..., Colexiado nº ... de ..., médico de ... ó solicitante de Axuda no fogar, D. ..., con D.N.I. Nº ...

#### 1.- CAPACIDADE DE AUTOVALEMENTO.

##### 1.1.- Capacidade motora:

###### a) Erguerse:

- Erguese só: 0 puntos.
- Erguese só (con dificultade): 1 punto.
- Erguese con axuda: 2 puntos.
- Non se ergue: 3 puntos.

###### b) Deambular.

- Camiña só: 0 puntos.
- Camiña só con dificultade: 1 punto.
- Camiña con axuda de bastón ou similar: 2 puntos.
- Inmobilizado en cadeira de rodas ou encamado: 3 puntos.

###### c) Saír da casa:

- Sae só: 0 puntos.
- Sae con dificultade: 1 punto.
- Sae con axuda: 2 puntos.
- Non sae (non sube nin baixa escaleiras): 3 puntos.

##### 1.2.- Sentidos:

###### a) Visión:

- Boa: 0 puntos.
- Déficit visual: 1 punto.
- Grave déficit visual: 2 puntos.
- Cegueira: 3 puntos.

###### b) Audición:

- Boa: 0 puntos.
- Déficit auditivo: 1 punto.
- Grave déficit auditivo: 2 puntos.
- Xordeira: 3 puntos.

###### c) Linguaxe:

- Normal: 0 puntos.
- Díficil de comprender: 1 punto.
- Incomprensible: 2 puntos.

##### 1.3.- Capacidade psíquica:

###### a) Orientación temporal-espacial.

- Boa: 0 puntos.
- Desorientación ocasional: 1 punto.
- Desorientación frecuente: 2 puntos.
- Desorientación total: 3 puntos.

###### b) Memoria:

- Normal: 0 puntos.
  - Retén actos recentes con dificultade, coñece ben as persoas pero esquece algunha cousa: 1 punto.
  - Retén só feitos antigos, comprende ás persoas: 2 puntos.
  - Demencia total con descoñecemento das persoas: 3 puntos.
- ###### c) Comunicación:
- Normal: 0 puntos.
  - A conversa é posible pero non perfecta: 1 punto.
  - Imposible manter unha conversa lóxica, claras alteracións mentais, cualificadas xa de demencia: 3 puntos.
- ###### d) Conduta:
- Normal: 0 puntos.
  - Trastornos de carácter: 1 punto.
  - Claros trastornos de humor: 2 puntos.
  - Descontrol total dos seus actos: 3 puntos.

##### 1.4.- Coidados persoais:

###### a) Control de esfínteres:

- Continencia total: 0 puntos.
- Incontinencia esporádica: 1 punto.
- Incontinencia frecuente: 2 puntos.
- Incontinencia total: 3 puntos.

#### OBSERVACIÓNS

...

O Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, José Jesús Ramos Ledo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA, DEPÓSITO DESTES E INMOBILIZACIÓN DOS ESTACIONADOS ANTIRREGULAMENTARIAMENTE SEN PERTURBAR GRAVEMENTE Á CIRCULACIÓN.

#### Artigo 1º. - Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Taboada establece a Taxa pola retirada de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes e a almacenaxe destes, así como a inmovilización dos estacionados antirregulamentariamente sen perturbar gravemente a circulación, de acordo co previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

#### Artigo 2º. - Feito impositivo e brigada de contribuír.

1. Constitúe o feito impositivo da presente exacción, a prestación do servizo de recepción obrigatoria de retirada, traslado e almacenaxe de vehículos que se atopan na vía pública e terreos adxacentes, así como a

inmovilización daqueles que se atopan estacionados de forma antirreglamentaria sen perturbar gravemente a circulación. A retirada, traslado e almacenaxe de vehículos producirase nos casos previstos na Lexislación vixente e en concreto:

a) Cando o requiran as Autoridades Xudiciais e Administrativas.

b) Cando o vehículo se atope en estado de abandono.

c) Cando o vehículo se atope estacionado na vía pública de modo que perturbe, entorpeza ou obstaculice a circulación desta.

d) Cando o vehículo sexa inmovilizado polos Axentes da Autoridade e transcorran máis de 24 horas sen que o conductor ou propietario proceda a arranxar-las deficiencias e a retiralo.

2. A obriga de contribuír nacerá, devengándose a Taxa, no momento en que interveñan os Axentes co fin de retirar, trasladar ou inmoviliza-los vehículos. Na modalidade de depósito, devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende que o vehículo chega ó local destinado ó seu depósito.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas ou as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios dos vehículos.

2. Responderán subsidiariamente co suxeito pasivo, os conductores do vehículo que aparezan como causantes da conducta da que deriva a produción do feito imponible, así como as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das Sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quebra, Concursos, Sociedades e as Entidades en Xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. - Beneficios Fiscais.

Non serán aplicables beneficios fiscais, salvo os que poidan establecerse en Normas con rango de Lei e os derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 5º. - Base de gravame.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa en función da natureza do servizo prestado.

Artigo 6º. - Tarifas.

Rexerán as seguintes tarifas:

Retiradas e traslados ó depósito, por cada vehículo:

- Retirada e traslado ó depósito: 60 euros.
- Depósito e custodia do vehículo: 3 euros/ día.

Estas tarifas serán tamén de aplicación ós vehículos inmovilizados.

Artigo 7º. - Normas Complementarias e de Xestión.

1. Os Dereitos e Taxas desta Ordenanza son esixibles e plenamente compatibles coas sancións que procedan de acordo co cadro de multas do Código de Circulación.

2. Traslados os vehículos ó depósito, pola dependencia administrativa que corresponda ou polo concesionario do servizo, cursarase comunicación ó titular do vehículo para que antes do último día hábil do mes seguinte a aquel no que reciba a comunicación, se faga cargo del e aboe o importe das Taxas correspondentes, debendo facerse efectivo no momento en que o titular ou persoa interesada se presente a recolle-lo vehículo.

3. A saída de toda clase de vehículos ingresados no depósito, deberase autorizar por quen dispuxo o seu ingreso ou persoa habilitada para iso e unicamente poderán ser entregados ós titulares ou ás persoas autorizadas, os cales, no dito momento, autoliquidarán a Taxa de acordo coa tarifa contida no artigo 6. Contra a dita liquidación poderanse interpoñer os recursos que en dereito procedan.

4. Transcorrido o prazo ó que se refire o epígrafe 2 sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagado as Taxas, procederase ó cobro destas pola vía de apremio administrativo.

5. No acto de finalización e adxudicación do vehículo, practicarase a liquidación definitiva dos débitos á Facenda Municipal, acumulando a débeda principal ademais dos gastos de procedemento, ata o momento da adxudicación.

6. Cando os titulares dos vehículos depositados foran descoñecidos, a notificación á que se refire o epígrafe 2 do presente artigo, practicarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, sendo o seu importe a custo do interesado. O procedemento seguirá a continuación na forma prevista neste precepto.

7. Inmovilización dos vehículos. Cando un vehículo se atope estacionado de forma antirreglamentaria sen perturbar gravemente a circulación e o seu conductor non estivera presente ou, estando se negara a retiralo, será inmovilizado por medio de cepos ou outros procedementos mecánicos similares para impedi-la súa circulación. Tamén se procede a inmovilización dos vehículos nos termos previstos nas normas que regulan o estacionamento de vehículos nas vías urbanas.

8. Os conductores ou propietarios de vehículos inmovilizados conforme ó previsto no parágrafo anterior, solicitarán ós Axentes Municipais a súa posta en circulación, polo cal procederá a ingresa-lo seu importe de cota prevista no artigo 6º, aplicándose o resto das normas de xestión previstas nesta Ordenanza.

Artigo 8º. - Infraccións e Sancións.

